



O Departamento de Informática do IES San Clemente de Santiago de Compostela, acorda facer público este escrito para deixar constancia do seu rexeitamento ao cambio de modalidade presencial a distancia no réxime das persoas adultas dos ciclos superiores de *Administración de sistemas informáticos en rede* e de *Desenvolvemento de aplicacións web*, que desde hai moitos anos se están a impartir neste centro.

A desaparición destes ciclos formativos de informática de grao superior na modalidade presencial implica que en Santiago de Compostela o alumnado matriculado en réxime presencial redúcese aproximadamente nun 50%. Este dato é moi significativo tendo en conta que sempre se cobren estas prazas, quedando persoas en listaxe de espera.

O Departamento de Informática considera que este cambio tería que ter sido consultado co Centro Educativo, de xeito que a Comunidade Educativa, posuidora do coñecemento e experiencia do funcionamento destes ciclos, puidera axudar á *Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades* a valorar de forma axeitada o impacto desta decisión.

A modalidade a distancia do réxime de persoas adultas non é un substituto da modalidade presencial senón que vai dirixida a un alumnado con diferentes necesidades. Na propia normativa que regula a FP a distancia (*Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial*) indica expresamente que vai dirixida a aquel alumnado que non poida asistir de xeito regular aos centros docentes. Con este cambio estaríanse a minguar os dereitos do alumnado que si pode asistir con regularidade aos centros docentes, e para os que non estaría pensada esta modalidade a distancia.

Por outro lado, a transformación destes ciclos provocará que durante as tardes do vindeiro curso escolar unhas aulas magnificamente dotadas queden absolutamente en silencio e sen uso, aulas nas que se investiu unha cantidade moi significativa de diñeiro público. Esta medida non promovería a racionalidade no uso dos recursos dispoñibles e a procura da excelencia na calidade do ensino público.

Finalmente, o Departamento de informática do IES San Clemente rexeita a supresión dos xa mencionados Ciclos Superiores na modalidade presencial, xa que con iso tan só se conseguirá que o ensino público quede claramente en desvantaxe fronte á oferta de centros privados.